



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Benqueridas lectoras e lectores desta Crónica de Igrexa, escrita, iso desexamos, desde a banda da esperanza nun momento en que a esperanza se ofrece a prezo ben alto. Esperamos, desexamos, que esta revista poida chegar polos medios correntes aos vosos fogares, e que vos atope cunha vida relativamente normalizada, despois de todo o pasado e de todo o que queda por pasar. Oxalá nos teñamos recuperado do choque producido polo demiño da COVID-19 e ben dispostas e armadas para a inxente tarefa que temos por diante. Todo o mundo estamos a proba de humanidade certamente; todas as persoas e igrexas de calquera confesión quedamos tamén a proba de fe, de amor e de esperanza. Necesariamente ao redor de todo isto versará esta cartiña que vos mandamos con moito

pesar polas persoas defuntas, con moita condolencia polas familias que houberon de soportar situacións totalmente anómalas, con moito agradecemento por toda a xentiña que, desde diferentes servizos, estivo con profesionalidade e convicción na primeira liña da acción coidadora e curadora. Grazas de corazón!

1.- Unha inesperada lección de humanidade

Os efectos tremendos que a COVID-19 tivo e está tendo sobre as vidas e sobre o inmediato futuro económico e social de toda España e en boa medida de todo o mundo, fixo que espertasen todo tipo de opinións sobre as súas orixes, sobre o seu desenvolvemento, sobre a adecuación das respostas dadas, sobre os seus efectos

a curto e medio prazo, sobre a maneira de subvertelos incluso sobre os escuros intereses de supostos escuros promotores desta pandemia. Moito se está falando e escribindo e moito se seguirá facendo. Esperemos que o tempo e o bo traballo nos permita ir aclarando unha chea de incógnitas de momento sen resposta.

Pero si que podemos adiantar algunhas leccións que a pandemia da COVID-19 nos ofrece. Sinalamos algunhas, seguros de que quen isto lea poderá engadir outras nesta obrigada escola de aprendizaxe.

‘Somos moi fráxiles’. Moito máis do que pensabamos desde esa torre de marfil na que nas sociedades máis desenvolvidas nos viñamos situando. Un insignificante ser, que case non é nada, ten capacidade para derrubar esta estatua de ouro con pés de barro que nos estamos construíndo.

‘Á forza formando parte do mundo da xente fráxil’. Fose esta xente a refuxiada que a milleiros se amorea ás nosas portas, e soporta invernías, fames, desesperanzas, falla de atención médica; ou fose eses millóns de

nenos e nenas que morren cada ano en países subdesenvolvidos; mortes que se evitarían con pan, auga ou cunha vacina que todo o mundo coñece, pero non todo o mundo se pode aplicar. Ou fose calquera outra miseria das moitas que asolan a humanidade. E estamos aí, sufrindo as súas consecuencias, un pouco ao lonxe con todo, pois non hai comparanza entre a reacción ante a nosa dor e ante a dor de outros.

‘Palpando a nosa interdependencia obrigada’. Tanto para comprender a presenza do mal, como para artellar as maneiras de o superar. Somos familia, somos pobo, somos país, somos humanidade. Contaxiados xuntos, só xuntos nos libraremos do mal. Que inimaxinables capacidades teriamos de superar tantísimo mal que afecta ao mundo, se normalizásemos esta lóxica humanitaria tan elemental.

‘A grande solidariedade que somos capaces de despregar’. Tanto nos profesionais que, coma todos os sanitarios, estiveron sempre en primeira liña, expoñéndose ao contaxio e á morte, como así foi, coma na



www.encrucillada.gal

Só ten acceso ao artigo completo o/a
subscritor/a (en dixital ou en papel)

Se desexa subscribirse prema na seguinte ligazón:

<http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>